

I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 23 de decembro de 2022 pola que se establecen as normas de xestión e liquidación do imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos (Idires).

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 248, do 30 de decembro de 2022, cómpre efectuar as seguintes correccións:

– Na páxina 67252:

Onde di: «Para o tipo 2: un rexistro por cada por cada tipo de gravame segundo o artigo 93 da Lei 7/2022, do 8 de abril.», debe dicir: «Para o tipo 2: un rexistro por cada tipo de gravame segundo o artigo 93 da Lei 7/2022, do 8 de abril».

– Na páxina 67256:

Onde di: «• XXXXXXXX (8): caracteres de control resultantes de aplicar unha función MAC 4 do algoritmo DES (segundo norma X9.91) aos datos anteriores (48 caracteres) utilizando a clave privada do banco. Esta función xerará 8 caracteres de control; é dicir, a «sinatura»; debe dicir: «• XXXXXXXX (8): caracteres de control resultantes de aplicar unha función MAC 4 do algoritmo DES (segundo a norma X9.9-1) aos datos anteriores (48 caracteres), utilizando a clave privada do banco. Esta función xerará 8 caracteres de control; é dicir, a «sinatura».

